TRINIDAD LORENZO LEMA (1 para 3)
SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL
Data de Sinatura: 27/10/2026
HASH: e7a8f0320af6674586deb22db5b459057

Pastora Castro Lema (2 para 3)
ADMINISTRATIVA
Data de Sinatura: 27/10/2026
HASH: de23c888e35d0fd445000021bc51bd273

ANTONIO VAZQUEZ ROSALES (3 para 3)
ARQUITECTO MUNICIPAL
Data de Sinatura: 27/10/2026
HASH: c7e80b72a282e2a7fdc7f0edb6553ae1

ACTA DA UNIDADE TECNICA CONVOCADA PARA A APERTURA E VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS NA LICITACIÓN DA OBRA "MELLORA DA PAVIMENTACION DO CAMIÑO DE O PAZO A COIRON (D-01)".

EXPEDIENTE: 128/2026

Na Casa Consistorial de Meaño, ás 09:32 horas do día 27 de outubro de 2026 reúnese a Unidade Técnica, convocada mediante Resolución da Alcaldía de data 26/10/2026, nº 2026-0650, integrada por Dª Trindad Lorenzo Lema, secretaria-interventora accidental, D. Antonio Vázquez Rosales, arquitecto municipal e Dª Pastora Castro Lema, administrativa, como secretaria; para a apertura e valoración das propostas presentadas no procedemento de licitación da obra "Mellora da Pavimentación do camiño de O Pazo a Coirón (D-01)".

A convocatoria de licitación, mediante procedemento aberto simplificado sumario, da contratación da obra "Mellora da pavimentación do camiño de O Pazo a Coirón (D-01)" foi publicada no perfil do contratante integrado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o día 05-10-2026, ID 829291, cun prazo de presentación de ofertas ate as 09:00 horas do día seguinte ao transcurso de dez días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación no perfil de contratante do anuncio de licitación; rematando o prazo de presentación de ofertas ás nove horas do día 21 de outubro de 2026.

De seguido, a partir das 09:33 horas, accédese ao Sistema de Licitación Electrónica (SILEX) da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, para proceder á apertura das proposicións das empresas presentadas, que son as seguintes:

Empresa	**Data de presentación**	**Hora**
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES S.A.	20/10/2026	10:36

Que formula a seguinte proposta:

- CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.:

A .Prezo:

Sen IVE (euros)	IVE (euros)	TOTAL: (euros)
CINCUENTA E TRES MIL SETECENTOS OITENTA E OITO EUROS (53.788,00)	ONCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO EUROS CON CORENTA E OITO CENTIMOS (11.295,48)	SESENTA E CINCO MIL OITENTA E TRES EUROS CON CORENTA E OITO CENTIMOS (65.083,48)

B - Certificados de calidade e outros, indicar SI ou NON (Para a valoración destes certificados os licitadores deberán achegar xunto coa oferta a correspondente documentación xustificativa):

Cod. Validación: 7NL9DRMR3Z7G2RLJPXQLD9HLJ
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

SI Esta en posesión do Certificado de sistemas de xestión de calidade vinculada co obxecto do contrasto (UNE-EN ISO 9001).

SI Esta en posesión do Certificado de xestión ambiental vinculada co obxecto do contrato (UNE-EN-ISO 14001).

SI Esta en posesión do Certificado ISO 18001 OSHSAS prevención de riscos laborais (UNE EN ISO 45001).

Trala apertura das propostas e na mesma sesión, a unidade técnica procede a:

a) Comprobar a documentación presentada pola empresa participante e a inscripción no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresa Clasificadas do Sector Público e/ou no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, constatándose que se atopa inscrita e con carácter xeral a documentación se axusta ao esixido no Prego de Cláusula económico-administrativas que rexe nesta contratación.

b) Avaliar e clasificar a oferta:

EMPRESA	**OFERTA ECONOMICA**	**Puntuación Oferta Económica**	**CERTIFICADOS ISO**	**Puntuación Total**
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.	53.788,00	70,00	0,00	**70,00**

Non se procede á valoración dos Certificados ISO, dado que tal e como se recolle no apartado Q do cadro resumo e Anexo I do Prego de Claúsulas Admiinistrativas Particulares que rexen no procedemento: "*Para a valoración deberán achegar xunto coa oferta a correspondente certificación*".

Resultando a empresa CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. proposta para a adxudicación do contrato de obra do "Mellora da pavimentación do camiño de O Pazo a Coirón (D-01)".

Comprobado no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia se a empresa CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES S.A. está constituída, o/a asinante da proposición ten poder para formular a oferta, non se atopa incursa en ningunha prohibición para contratar, constátase que cumpre.

E non sendo outro o obxecto desta unidade técnica dáse por rematada, estendéndose a presente acta que, en proba de conformidade asinan dixitalmente os/as participantes.

Cod. Validación: 7NL9DRMR3Z7G2RLJPXQLD9HLJ
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2